

A crenza da Compañía en Ons por Fernando Alonso Romero

Por: Santiago Boado Aguinaga

“Alma ida no es venida. Morrendo un non hai máis nada, pero antes de morrer a nosa alma vai e ven” (Eugenia Otero, Ons, 1978)

1. O AUTOR, A INVESTIGACIÓN E O TRABALLO DE CAMPO

En 1980 saíra á luz no **Cuaderno de Estudios Gallegos**, tomo XXXII (96-97), a publicación dos resultados da investigación que levou a cabo o historiador e escritor galego Fernando Alonso Romero en 1978, tras dous meses de estancia na illa de Ons, co título de **“Los orígenes de las Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora”**, sobre este **tema da mitoloxía popular de Galicia**. Nesa convivencia e traballo de campo conta principalmente coas fontes orais, a través da transmisión oral con dous relatores, Eugenia de 67 anos e seu irmán de 70. Tamén recorre a outros veciños e mesmo mariñeiros con versións un tanto diferentes e moitos elementos en común. Nesas datas a illa de Ons estaba habitada por tan só 14 familias. Nos anos 80 quedaría despoboada.

Fernando Alonso Romero foi un precursor no estudo da Compañía en Ons con permiso de Álvaro das Casas, quen recolle en 1934 a súa existencia mais non profunda na mesma, aínda que xa advertía de que os veciños eran moi supersticiosos. O resto de argumentos e recursos de información, a busca de respostas, xorden de fontes e **referencias bibliográficas***, moi escasas en canto aos estudos de Ons, e xeralistas de Galicia, Portugal, Asturias, Escocia, Bretaña, Gales ou Irlanda, contando deste xeito cunha boa base bibliográfica. Pero con respecto á illa de Ons non puido profundar máis pola falla de referencias bibliográficas, estudos máis amplos e pola escaseza de fontes orais ás que acudir.

Procuraremos interpretar e comentar o resultado deste estudo de investigación na illa de Ons a través do texto de Fernando Alonso Romero no que pretende abrir un camiño á investigación.

2. O CONTEXTO, O LUGAR, A COMUNIDADE, ADAPTACIÓNS E FUNCIONALIDADE

“O illamento que tiveron que soportar os seus moradores grande parte do ano, fixo que as súas formas de vida viranse condicionadas enormemente e naceran así unha serie de fenómenos sociais de grande interese cultural e antropolóxico como A Compañía” apunta o noso investigador. Así, aquí en Ons, o **illamento** e o ámbito marítimo son o feito diferencial e fundamental. A crenza da Compañía tivo un grande arraigo na illa de Ons con peculiaridades, singularidades e particularidades propias desta comunidade, con diferentes versións segundo as fontes orais, mais sempre inmersas no illamento dunha **cultura popular única** (percorrido fixo, itinerario desta procesión de almas en pena que visten coma nós, teñen necesidades biolóxicas e dan ata tres avisos). É moi importante a **suxestión**, a partir do que che contaron os **“vellos”**, cando aparecen diferentes visións segundo a persoa. A subxectividade, a imaxinación, a transmisión oral de pais a fillos condicionan a representación da Compañía. Cada persoa é un mundo e ten unha



Fernando Alonso Romero no barrio de Melide

percepción diferente da realidade mais existen sempre elementos en común con **variantes** segundo o lugar e a persoa.

Vexamos pois en que consiste a crenza, pero primeiro e antes de todo, que é a Compañía?. Como se presenta?. Por que?. De onde ven?. Onde ten a súa estación?. Estamos ante a visión dunha **procesión de almas ou ánimas en pena** que anuncia unha morte ou desgraza. Con respecto á morte van mesturar crenzas pagás e cristiás nun contexto de illamento onde cómpre ter e conta os contactos co continente e a orixe dos poboadores. Debemos preguntarnos que é o que ven e por que o ven. Ademais da observación calé a realidade da observación?. Canto hai de subxectividade, de imaxinación, de facer real o que che contaron nunhas condicións moi especiais?.

A Compañía conta cun **aspecto premonitorio**, a túa morte, a dun familiar ou coñecido. Aquí atopamos a **mala conciencia**, os **pecados**, poder entender o medo á morte, xa que non hai outra resposta, o cristianismo non é suficiente evidenciando o noso medo á morte. Aquí a terra e o máis alá, **no medio outro mundo**. Quérese dar unha resposta ás dúbidas que nos cernen e causan incerteza. Hai un tránsito difícil de discernir aínda que sempre existe un vínculo ineludible. Existe unha **preocupación** polo **paso da vida terreal dos vivos** ao **mundo dos mortos** con ese **tránsito** de por medio do que podes ou non formar parte. Asistimos a antítese entre a dualidade do terreal/celestial e o máis alá, e no medio?. Pois a necesidade de responder a dita cuestión, a solución, é a Compañía. Xustifica a **vida**, a **morte** e o **tránsito** entre eses dous estados. No **mundo terrestre**, **mundo dos vivos**, **mundo da luz** estamos de paso, hai un **tránsito** cara ao **mundo dos mortos**, do **descoñecido**, un **mundo escuro**, e polo medio dese tránsito aparece a Compañía para darlle sentido. Responde

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

no **imaxinario popular, imaxinario da morte, á necesidade de obter respostas**. É unha perspectiva con respecto á morte, **forma de entender o tránsito a esa realidade diferente**. Ao fin neste caso é unha adaptación á insularidade.

Dende un punto de vista antropolóxico estamos a falar ao fin da **preocupación polo paso da vida terreal dos vivos ao mundo dos mortos cun tránsito por medio** do que podes ou non formar parte Así, a crenza na Compañía, estivo moi arraigada en Ons con peculiaridades e singularidades propias, coma o seu percorrido fixo, o itinerario desta **procesión de almas en pena que se trasladan por mar** dende Noalla, preto da Lanzada, na comarca do Salnés. Unha procesión presidida por un vivo, que ao día seguinte non se lembra de nada. Unha **procesión predictiva** de ámbito marítimo. Sen embargo a orixe é continental, mais do litoral, adaptada ao lugar, unha illa habitada. A frecuencia é aquí máis persistente, existindo este itinerario fixo (Noalla, Centolo, Melide, Espaduada e cemiterio), conta con necesidades biolóxicas coma comer e non responde a un calendario sobre datas sinaladas. Fai tamén **aparicións diúrnas**, algo que non é moi común aínda que tamén ocorre noutros lugares (en canto luces fai ruído con campañas para alertar da súa presenza). Aquí a visión é diferente en canto aos sudarios, **visten coma nós** e poden facer **ata tres avisos**. Sobre a **procedencia** e itinerario todos os informantes dixeron que a Compañía viña de Noalla, por riba do mar. Eugenia non sabe se camiñando ou voando xa que o mar está todo escuro. O irmán di que vén voando dende Noalla ao monte Centolo, pola costa de Melide ata o cemiterio e mesmo para na Espaduada a merendar, coma os vivos. Desaparece baixo terra polo cemiterio. Tamén é curioso que na **procesión** poidan ir cans. O **can-urco** tamén se mira noutras localidades de Galicia. Mestúranse ás veces, podendo ser que fagan unha sorte de simbiose. Sen embargo nada recolleu o autor con respecto ao calendario da procesión, xa ben o Día de Defuntos ou Noite de San Xoán nin o motivo polo que non hai cruceiros e petos de ánimas na illa. A regularidade e cadencia das súas aparicións si parece ser máis habitual que noutros lugares.

Os membros da Compañía son ánimas errantes, **en pena**, que non foron nin ao paraíso, nin ao inferno nin ao purgatorio (concepción cristiá que xorde da Idade Moderna). Cumpren un traballo que lles foi imposto, **unha misión, función e beneficio para a comunidade, de cohesión social**, a través do **aviso**. Aínda así a súa observación infunde temor polo incerto e descoñecido, pola morte. Pero quen avisa non é traidor. **Avisa para que esteamos preparados**. A morte avisa, pero cal é o motivo?. Pois **visitar as casas da comunidade, advertir e anticiparse aos feitos**. Non so advirte da morte, manda facer penitencia e tamén castiga. De aí o **temor**. Quena ve?. Míranos os **dotados, predictivos e sensitivos**, nenos que recibiron óleos de defuntos no bautizo segundo outras fontes. Existe unha **separación da alma e corpo, un tránsito** antes de desaparecer na **morte** por fin. **As almas penan os seus castigos segundo o seu comportamento na vida** (cristianismo). Cando morren desaparecen definitivamente do mundo. Na Compañía aínda non.

Ons foi un dos lugares escollidos pola Compañía xa que a illa reúne moitos dos requisitos e ingredientes para que apareza. A saber, falla de luz eléctrica, inexistencia sanitaria, espiritual e educativa regular, ser unha illa cunha poboación “cosmopolita” de procedencia variada en orixe, da contorna rural tradicional, con **mar/auga** polo medio, nunha **sociedade agrícola-mariñeira** cun **illamento** temporal.

Así a **insularidade confírelle características e adaptacións específicas moi singulares**. A de Ons é polo tanto unha **cultura singular insular**, conformada por xentes que proceden de diferentes lugares do continente coma O Salnés, O Morrazo ou O Barbanza, de onde xa veñen coas súas tradicións, crenzas, lendas, mitos e supersticións. Ao illamento e incomunicación haberá que sumarlle outros condicionantes coma esas carencias sanitarias, espirituais, educativas ou a falla de luz eléctrica e autoridade que fan que estas crenzas que traen do continente, aquí se prolonguen durante máis tempo e mesmo se magnifiquen. O **medio mariño, o feito insular** é determinante en **Ons**, xa que a Compañía vén polo **mar**, andando ou voando, como está escuro non se mira. Vén de terra, do continente ata a illa, a parte terrestre con asentamentos humanos. Atopámonos pois cunha **comunidade agrícola-mariñeira rural do litoral das Rías Baixas de Galicia, nunha illa no medio do mar**. Polo tanto cómpre atender ademais a estes tantos outros **condicionantes e factores** que neste caso si **“alteran o produto”**. O mar que é o seu sustento tamén é quen de separalos de terra durante longos períodos do ano, e polo mar, dende Noalla é por onde vén a Compañía ata marchar baixo terra polo cemiterio rematando aquí a súa visita e percorrido. Falamos dunha **cultura insular de 200 anos**, que como xa dixemos, previamente vén de terra, do continente. Aquí na illa cocíñase e reméxese nunha pota durante ese tempo a lume lento, e debido ás condicións referidas semella magnificarse e prolongarse no tempo con respecto a outros lugares continentais onde tamén existe esta crenza.

Esta **comunidade marítima insular** ten moitas **semellanzas cos países celtas con mar, illas, illotes e furnas**. A Compañía, na súa probable orixe ou concepción xa ben indoeuropea, celta ou xermánica, coma xa veremos apunta Fernando Alonso Romero, maniféstase en illas e pobos costeiros onde existen furnas ou covas mariñas, coma en Ons, unha illa, un pobo no mar. Aínda que aquí, tal vez pola cristianización, desapareza polo **cemiterio**, mais ao fin faino baixo terra, polo mundo subterráneo. Tamén expón o autor que a **morte masiva de mulleres e nenos ao dar a luz**, ao nacer, vai en relación coa dificultade existente ante a falta de servizos sanitarios, a asistencia no parto. O **nacemento é a antítese da morte**. Aquí pode haber unha explicación clara da procedencia da crenza na Compañía. Polo tanto, o nacemento pode ser unha **alarma** cara á **morte** e a Compañía unha maneira de explicala. Resulta curioso, facemos fincapé, que a Compañía desapareza polo **cemiterio** xunto á capela e non polo “Buraco do Inferno”, u outra furna, mais o autor non atopou infor-

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

mación sobre ningunha lenda vencellada ao dito lugar. Non se pode descartar sexa motivado por unha cristianización da crenza, mais ao fin desaparece baixo terra, mundo subterráneo.

3. AS FONTES ORAIS. A INTERPRETACIÓN DO RELATO. UNINDO AS PEZAS DO QUEBRACABEZAS

“Aquí na illa o Acompañamento mírase moitas veces” (Eugenia Otero, 1978), a quen se lle debe a maior parte do relato. “Daba gusto mirar para ela”, “Daba el cielo mirala”. “A Compañía hai que vixiala de noite. Pola lus encarnada xa se lle coñece. Ela ven alta de todo, enriba de todo o mundo”. “Esa lumbrera é a Compañía. Dá un alumeado como se mira de día. Despois desa luz ven outra luz máis pequena e baixiña, unha luz branca e logo xa ven todo o Acompañamento con xente de toda clase, pequena, grande, meniños, cans... van vestidos coma nós”. Van caladiños. Moitos portan a caixa de defuntos e detrás deles segue outra luz branca. Deixa a caixa diante da casa onde vai morrer alguén (**visita a casa**). Existen remedios mais non podes afastarte pois o normal é que apareza e a mires lembrándoches a **morte** e o **purgatorio**, causando **desacougo** o feito de non estar aquí nin alá, nin vivo nin morto, onde estou?. Sen embargo a Eugenia non lle causaba desacougo, ao contrario, gustáballe. Cómpre vixiala de **noite** advirte Eugenia. **Vixiar**, vixiala de noite, observar sen ser vistos (**vixiar**). É un fenómeno do **mundo das sombras**, do mundo **non visible de día**. Pero un mundo que se nos fai **realidade** grazas á **luminosidade**, aos **efectos luminosos** con que se manifesta, en medio da negrura e escuridade da noite. De súpeto mírase unha luz vermella coma o lume que vén do ceo, sinal que avisa ao mundo dos vivos da

chegada dos mortos. Na variante do irmán de Eugenia a **luz** vén do **ceo**, mírase como unha estrela e é de cor verde, aínda que o proceso de percepción da Compañía é o mesmo. Esa **luz** cumpre unha **tripla función (3)**, avisa da chegada da Compañía, marca a **ruta do camiño** e **ilumina** o escenario. A continuación a luz ponse no chan “*alumeando como se fose de día*”. Entende que é un **fenómeno de integración** do mundo da **noite**, entre o **mundo dos mortos** e o **mundo luminoso dos vivos**. A Compañía **ilumina** o terreo onde descende. Ata agora a Compañía viaxaba no **mundo das sombras** sen máis **luz** que un pequeno punto luminoso vermello ou verde mais insuficiente para **iluminar** o **camión**. Sen embargo ao producirse o contacto coa terra o entorno énchese de luz como se fose de día porque agora se está no **terreo dos vivos** e aquí necesita a luz para desprazarse na noite. Son **dous mundos opostos** con **seres diferentes** adaptados a eses mundos respectivos. É por iso que **ao regresar a terra compórtase coma seres humanos**.

Ilumina o **camión** por onde vai pasar. De non ser así non se podería **guiar**, desprazar nin ser vista. Non se agocha dos humanos, aclara o investigador seguindo o **relato**, ao contrario, hai unha intención de facerse ver con esa iluminación baixo a que inicia o camiño. De feito, o observador (**vixiar**) necesita desa luminosidade para poder observala, do contrario non a miraría. **Unha dualidade entre o mundo das sombras-mundo dos vivos**. Eugenia di que a luz vén “*alta de todo, enriba de todo o mundo*”. Seu irmán di que “*a luz é coma unha estrela no ceo*”. Subscribe o autor que **a Compañía vén doutra esfera, doutro mundo**. Ese outro mundo aínda non sabemos onde se atopa pero del chégase polo **aire**. O feito de vir polo aire é outro **signo máis doutro mundo oposto ao noso**. Sobre a **procedencia** e itinerario todos os informantes dixerón que viña de Noalla, e facíao por riba do mar. Eugenia non sabe se camiñando ou voando xa que o mar está todo escuro. O irmán di que vén voando, de Noalla ao monte Centolo, pola costa de Melide ata o cemiterio e mesmo para na Espaduada a merendar, coma os vivos, desaparecendo baixo terra polo cemiterio. É curiosa a atribución á Compañía dunha **necesidade biolóxica humana (comer)**. O autor entende que ven reafirmar o fenómeno do profundo arraigo que esta crenza ten na mentalidade do habitante de Ons. É parte da súa **cosmovisión**, algo real como a **vida cotiá**. A Compañía son seres coma nós que aínda que veñen doutro mundo cando están no noso **desenvolven comportamentos e necesidades humanas**, un aspecto moi corrente nas mitoloxías.

Do mesmo xeito afirma que aqueles **lugares visitados pola Compañía** infunden un gran **respeto** e se tratan de **evitar** pola **noite** por **medo** ao seu **encontro**. As razóns deste temor entende son varias, xa ben por medo a que a Compañía obrigue a ir con ela ou para evitar ser testemuña dalgún aviso de morte, xa que a Compañía cumpre unha **función de enlace entre o mundo dos vivos e o dos mortos**. A Compañía ao igual que avisa da súa chegada comunica a alguén que a súa morte está próxima. Percorre o **camión** dende O Centolo e Melide ata a casa onde vai a morrer alguén. Recolle que na illa de **Ons** a Compañía pode facer ata **tres avisos (símbolo 3)** antes de que alguén morra. Os mariñeiros tamén teñen visto a Compañía no mar e alarmados teñen dado aviso aos veciños. Na **versión-variante do relato irmán Eugenia (70 anos)**



Capela e cemiterio en 1965

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

di que “*Mírase primeiro unha luz no ceo, como se fora unha estrela e despois a luz ponse no chan. Primeiro é verde, ao baixar ilumina todo como se fose de día. Despois veñen máis luces, como cirios, e a xente da Compañía míranse como se fosen vivos e máis se escoita un ruído como se foran de campaiñas. A Compañía ven voando e a estrela ponse na praia e empézase a ver a xente que vai detrás da luz*”. Varios **símbolos** cómpre analizar segundo o autor. A visión da **Compañía** infunde **temor** xa que é **mensaxeira**, comunica, **avisa** dunha **desgraza**. O mortal coñece a súa próxima morte ou dos seus familiares e veciños pola visión do cadaleito na porta da casa, podendo dar como sabemos ata **tres avisos**. De novo o **número 3** mostrando un símbolo que aparece en moitas **supersticións** coma nos ritos da medicina popular onde se repite ata en tres ocasións a acción a desenvolver.

Un único **relato** recolle en Ons onde a **visión** se dá de **día** (irmán de Eugenia). A visión é a mesma pero ao ser de día o **anuncio** é **acústico en canto visual** (luz/son das campaiñas e rebumbio do xentío en torno á caixa de defuntos). Noutro relato dise que cando atopou o **cadaleito** diante da **casa**, con moito **xentío** arredor, un “*fulano*” da Compañía díxolle que por alí non podía pasar e tivo que dar volta. Ás veces, poucas, fala, “cheira a vivo” escoitou. De alí aos **tres días** (**símbolo 3**) conta que morreu unha muller no **parto** (luz/sombra/vida/morte), un terreo ideal onde se desenvolve a Compañía. Séguese a falar dos membros da Compañía coma seres igual ca nós. En contra da imaxe da Compañía con sudarios brancos como manteñen outros autores, aquí en Ons visten coma os vivos. Así, a Compañía en Ons semella **humanizarse** ao entrar no **mundo dos vivos**. Os **relatos** de Ons en ningún momento falan de **espíritos** senón de **mortos** dos que xa non viven neste mundo. O noso protagonista non pasa por alto as **dificultades** dos **habitantes** da illa de Ons ante a **falta de atención médica** axeitada que sufriron ao longo da súa historia. Polo tanto a **morte** está presente ante calquera acontecemento que poida implicar un **perigo**, coma o mar ou dar a luz, onde a Compañía xa está **roldando a morte** da **casa** da futura nai. O **nacemento** é a **antítese da morte**, e daquela alí entrañaba perigos para nai e fillo. Na illa de Ons, dar a luz supón un motivo de **alarma**. Moitísimas mulleres e nenos morreron en Ons no **parto**, vinculando a Compañía con este momento onde a **morte** é máis frecuente do habitual, entendendo que existe ese vínculo do **nacemento** coa Compañía, coa **morte**, a **antítese**.

Doutra vez repítense os **símbolos**, agora enriquecidos tinguidos co cristianismo, sinal acústico onde antes era visual e mais o grupo de xente en torno ao **cadaleito**. Os membros da Compañía poden **falar**, aínda que no relato de Eugenia ían caladiños. En Ons a Compañía pode falar cos **vivos**. De feito noutro relato recóllese que había en Ons **unha señora que falaba todos os días coa Compañía** aínda que a esta xeralmente non lle gusta o contacto cos vivos. Ás veces cando vén buscar alguén que se vai morrer e se atopa cun vivo apártase do camiño e di unha voz “*aquí cheira a vivo*” proseguindo o seu camiño. Sobre o aspecto **sensorial**, pregúntase quena ve. Serán os dotados e **predictivos**. Os vivos non sempre advirten a súa **presenza**, se un a ve e o acompañante non, písalle o **pé esquerdo** e entón mira. É unha **transmisión de facultades por contacto físico**, feito que ocorre noutros lugares de Galicia e de Europa en prácticas curables ou ritos de fecundidade. Así o pé esquerdo que pisar, probablemente vaia en relación coa asociación dopé en contacto coa terra co mundo subterráneo da Compañía. Que sexa o **esquerdo** tal vez sexa polo significado sinistro que entraña a visión da Compañía. Aquí o autor determina outro símbolo. O **lado esquerdo do corpo** sempre tivo unha **visión negativa** en contraposición co dereito (parte cristiá tamén, anxo da garda, anxo á dereita, demo á esquerda dos nenos). É a **dualidade ben-mal**, o mundo bo e o mundo malo. Un de **sombras** e **profundidades**, outro da **luz**. E o **ser humano** sempre entre eses dous **cosmos opostos**. Tamén conclúe que en Ons as **luces** son independentes da Compañía, **preceden e pechan a marcha nun desexo de delimitar o espazo que ocupa a Compañía**, que vai entre dúas luces, as que abren e pechan o seu paso, a entrada e saída deste mundo. Esas **dúas luces** non alumean o espazo, só **delimitan e sinalan o camiño**. Aquí a Compañía tamén viaxa de Oriente a Occidente, de Noalla, leste, a Ons, oeste.

Onde van os mortos Eugenia?, preguntou o autor. A resposta semella un **dito tradicional ancestral** pola rapidez da mesma segundo as súas propias palabras, “*Alma ida no es venida. Morrendo un non hai máis nada, pero antes de morrer a nosa alma vai e ven*”. **Entón o destino das almas?**. “*As almas van a onde nós estamos penando*”, é dicir, a unha zona descoñecida por onde vai a Compañía, a ese outro mundo de onde procede. Pregúntase Fernando Alonso Romero se isto é así, non son acaso os **espíritos dos mortos** que veñen ao noso mundo a levarse aos **vivos**?. Afirmo que Eugenia o que fai é repetir unha **crenza ancestral** conservada oralmente de xeración en xeración. A **alma** que abandona o **corpo** xa non regresa xamais á **terra**, desaparece deste **mundo**. Sen embargo esta **separación** da **alma** do **corpo** non se reduce ao **morrer** xa que existe unha sorte de segunda vida onde a alma vai e vén deste mundo (**pena**). O **morrer** é para el **desaparecer definitivamente deste mundo (descanso eterno)**. Mais iso non ocorre ata que a **alma** complete o seu **ciclo de peregrinación** entre a **terra** e o **mundo dos mortos**. Eugenia di que isto é así porque as almas andan penando (**penar**). A frase semella cristianizada (**purgatorio**) aínda que segundo el noutras “**culturas celtas**” tamén existe e aparece o sentimento de premio ou castigo das almas, dependendo do seu comportamento na vida. Xa entendemos que a **meta** da Compañía en Ons atópase no **cemiterio**, e unha vez alí desaparece **baixo terra**, mundo **subterráneo**, sen saber ningún dos informantes o motivo.

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

4. ORIXES E HIPÓTESES. OS VÍNCULOS CO MUNDO CELTA. ENTRE O ANCESTRAL E O CONTEMPORÁNEO

A Compañía é unha mestura entre tradición, crenza, mito, lenda e realidade, que non é exclusiva de Ons nin de Galicia, aínda que con outras denominacións está presente cando menos no N.O Peninsular, na antiga Gallaecia e no Atlántico occidental europeo. O autor ere que é unha crenza e mito xa ben de **orixe indoeuropea** ou **celta**, e que vai evolucionando nas diferentes épocas coma a xermánica, galaico-romana, precristiá, cristiá, medieval e moderna, arraigando e perdurando no mundo occidental ata o último cuarto do século XX. Vai ir sufrindo unha **evolución**. Para o autor a orixe é **precristiá**, para outros é medieval (V. Risco, M. Sarmiento) e se consolida na **Idade Moderna** coa idea do **purgatorio, almas en pena con corpo humano**, non morreron de todo porque senón desaparecerían para sempre da terra. Semella claro que esta **crenza** foi axiña **cristianizada** na **Alta Idade Media** e adecuada na **Idade Moderna** coa creación, por parte da **Igrexa do purgatorio**. A **Compañía** para o autor semella vinculada con **mitos celtas** “*que reproducen aínda con grande fidelidade crenzas de hai centos de anos*”. Outros autores, o investigador, admiten, como xa dixemos, unha posible orixe da crenza da Compañía no tenebrismo da **Idade Media** coma V. Risco, quen opinaba que a Compañía era de orixe medieval.

O noso protagonista argumenta que a súa orixe aparente é cando menos procedente da **civilización céltica**, e mesmo vai máis alá, pensa que probablemente o embrión sexa de **raíz indoeuropea**. O **celtas crían na existencia doutro mundo despois de mortos**, tan real coma o **mundo** onde vivían, semellante a este pero máis **pracenteiro (paraíso)**. O **deus dos mortos** era **Donn** e vivía nunha illa rochosa, **casa de Donn**, nalgún lugar da costa suroeste de **Irlanda**. Existen outros topónimos **relacionados** coa morada de **Dnnn**. Na nosa contorna temos o **topónimo** de **Donón** (costa da Vela ou Sua-vela no Morrazo), onde existen un castro e un santuario onde apareceron multitude de aras. O autor ve unha **posible relación** entre o **deus celta Donn** e o topónimo **Donón**, un **lugar de culto** preto da illa de Ons. En **Donón** descubríronse numerosas aras dedicadas a moitas deidades, así que probablemente fose un importante lugar de culto. O profesor Millán González Pardo daba a entender sen aseguralo, a falta de máis datos, un vínculo entre ben **Cíes** u **Ons** con dito **culto ao mundo dos mortos** que ere se practicaba en **Donón**. Mesmo sorprendeulle a existencia en Ons dunha profunda sima-furna que se comunica co mar, o nomeado “**Buraco do Inferno**“, deixando no aire a **incógnita** do seu **significado**. Fernando Alonso Romero non atopa información na illa ao respecto máis alá do perigoso que resulta o lugar se te precipitas por el. Pensa que se esta furna ten algún significado co outro mundo perdeuse para sempre.



Eugenia Otero, principal informante deste relato

Os **escritores clásicos** crían que os **celtas** sabían da **inmortalidade das almas** e que estas se **reencarnaban** para ir a **outro mundo** onde había **seres de carne e óso** que posuían a **capacidade de converterse en espírito**. Do mesmo xeito atopa que existen **varias interpretacións** sobre a crenza dos antigos **gregos** da existencia **doutro mundo** dos mortos a través do cal poderían acceder a partir de **covas e furnas** ou que estaba **situado en illas no mar**. Isto vai á par do que sinala a **literatura irlandesa** en canto a mansión do **Deus Donn** onde irían todos despois de mortos, **crenza** que perviviu en diferentes **localidades irlandesas**, e mesmo ata o século XX facíanse **romarías** a esas pequenas **illas** ata o alto dos perigosos cantís xa que **pensaban que dese modo despois** da morte quedaría asegurada a viaxe da alma ao Purgatorio. Lady Wilde recolleu tamén a finais do XIX en lendas e tradicións irlandesas a crenza de que os **faíries** -especie de **Jhadas**- levaban ás súas mansións a persoas xoves e atractivas que morrían prematuramente onde vivirían con **gran esplendor nese mundo subterráneo (paraíso)**. Así por exemplo na illa de Innis-Sark os pescadores eren firmemente na existencia de **faíries** que **viven en furnas baixo o mar**, e que **de cando en vez saen á luz** a través de fendas nas rochas. Tamén están os **side**, unha sorte de **espíritos**, que saen do seu **mundo subterráneo**, a **Hueste dos Side**, e recorren en **procesión** aparecéndoselles aos **mortais**.

Na **literatura irlandesa** son conscientes da existencia dese **outro mundo**, **coetáneo** pero **separado pola fronteira da morte**, o que vén sendo un **paso ao outro mundo** que se sitúa entre outros accidentes xeográficos en **furnas das illas**. Unha **hipótese** que parte do **mito celta** de **Donn** e que chega ata estes días (1980), cristianizada e relacionada en multitude de lendas e tradicións, onde a máis famosa pode ser o **Purgatorio de San Patricio**. Trátase dunha **cova** á que se cristianizou co nome de Purgatorio disimulando con esta adxectivación a antiga crenza de que alí se atopaba unha **entrada a outro mundo**. Este lugar atópase na illa de Loch Derg a onde se acudía en peregrinación e os estes se pechaban para ter a sensación do Purgatorio. É así que o **outro mundo** sitúase **nunha illa**, no mar, aínda que a entrada poida estar nunha cova ou enterramento continental (**paralelismo Noalla-Ons**). A Compañía en Ons vén do continente desaparecendo despois polo mundo subterráneo, no cemiterio, baixo terra. Algo semellante tamén atopa na Bretaña, na Fisterra bretoa. No **cristianismo** aparece a idea de **dous mundos** despois da **morte (purgatorio-paraíso)**. Por exemplo na **cova de San**

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

Patricio os peregrinos tiñan medo a quedar durmidos, pois iso suporía o paso definitivo ao outro mundo do que xa non se pode volver, o paso á **eternidade**.

Diciá Eugenia que *“Alma ida no es venida. Morrendo un non hai máis nada pero antes de morrer a nosa alma vai e ven”*. A alma pode ir a onde **nós** andamos **penando**, a ese **mundo das sombras**, pero cando a alma entra definitivamente nese outro **espazo superior**, do **mundo dos mortos** entón penetra para sempre nesa terra de eterna xuventude (**ceo-paráiso**), nese **paraíso celta** ou **ceo dos cristiás** do que **xa non se pode volver**. É aquí, conclúe o autor, *“onde de fríntiva cobran forza e pleno sentido as palabras de Eugenia”*; *“Morrendo un non hai máis nada”*.

Tamén se recolle neste traballo outro interesante **relato** sobre a **comunidade agrícola mariñeira** que existiu ata **1978** na próxima illa de **Sálvora** e sobre a que se conservaba unha crenza referida á **Compañía**. O relator, patrón de pesca, conta que dende o interior do illote de **Noro**, en dito arquipélago, había unha estación de onde saía a Compañía, e que tamén tiña un **percorrido establecido ao pisar a propia illa e mesmo un calendario**. En Ons non coñecemos ningún calendario sen embargo ían vestidos coma nós, polo que ere que as implicacións co **mito celta** son suficientemente claras.

5. CONCLUSIÓNS. PASADO, PRESENTE E FUTURO

Xa para concluír, incidir que de onde parte a Compañía cara a Ons, **Noalla**, tamén é un lugar rico en tradicións, moi **interesante a nivel arqueolóxico**. Aquí se atopan a ermida de Nosa Señora da Lanzada e unha necrópole galaico-romana aínda en escavación. Advirte que *“a vinculación da Compañía de Ons con Noalla non semella responder a un capricho e podemos pensar que sería interesante descubrir se a poboación que vivía en Noalla, cuxos restos están na necrópole da Lanzada, conservaba aínda a crenza na viaxe das almas ao outro mundo, ao dos mortos, situado na illa de Ons, illa mítica segundo a tradición celta neses tempos. Sen obviar que moitos dos habitantes de Ons procedían dese lugar e que esa vinculación sexa unha asimilación xeográfica ao punto de orixe do pobo sen relación ningunha coa anterior”*.

O autor lamenta que asistamos á **perda** do **patrimonio inmaterial**, o intanxible que non se ve nin se toca xa que está na mente das persoas. Se non foi recollido e xa non quedan fontes orais perdémolo irremediabilmente para sempre. El xa mostraba en 1978 a preocupación pola desaparición destes **valores etnográficos irrecuperables** cando quedaban 14 familias na illa. Case medio século despois a situación tórnase dramática. Sobre 1980 prodúcese o abandono definitivo de Ons. Nos anos 90 existe unha pequena repoboación sobre todo estival ou non permanente. En 2021 non hai avances ao respecto, cando na illa quedan 3 habitantes de maneira permanente.



Monte Centolo e Melide

Hoxe esta crenza para os **habitantes** de Ons “son **cousas dos vellos**”. Eles só escoitaron falar dela,

nunca a miraron. Polo tanto, asistimos realmente a súa perda irreparable coma el apunta?. Para o autor deste estudo, Fernando Alonso Romero, quedan no aire moitos **matices** e **misterios** sobre a Compañía en Ons que *“tal vez non se logren descifrar nunca”*. El fixo unha aproximación na que *“só unha acertada investigación etnográfica das sorprendentes comunidades agrícolas mariñeiras de Ons e Sálvora podería arroxar algo de luz a través do recordo dos seus vellos habitantes”*. Un desexo escrito en 1980 reivindicado en XXI. Estes habitantes foron desaparecendo, aínda que se puideron recoller algúns relatos máis que habería que analizar polo miúdo e aos que non tivo acceso o autor. Desexamos que **arqueoloxía** no presente e nun futuro próximo poida acompañarnos nesta viaxe, xa ben a través de **Cíes, Ons, Sálvora, Donón, Noalla** ou **A Lanzada**, sendo quen de **completar este quebracabezas** e aportar algo de luz. **“Luz sobre as brétemas da crenza na Compañía”**, sempre misteriosa. El abriu as bases para o **debate** e o **estudo** da Compañía en Ons, con moitas **hipóteses** e non todas as **conclusións** necesarias. Mais case que ninguén recolleu de maneira necesaria a súa testemuña, quedando moitos interrogantes e non poucas certezas. A partir de aquí boa base para emprender o entendemento, o coñecemento sobre a Compañía.

*A **bibliografía** consultada por Fernando Alonso Romero e á que facemos referencia neste artigo está especificada neste traballo, **“Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora”** en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo XXXII (96-97), que podemos consultar no blog e páxina web **Documentación de Bueu** de Arturo S. Cidrás a través da seguinte ligazón: <https://bit.ly/3j8Ri0K>

Santiago Boado Aguinaga é licenciado en Historia e Guía do Parque Nacional